

farodevigo.es » **Gran Vigo**

## Congreso internacional sobre literatura infantil e xuvenil na Escola CEU de Maxisterio

06.03.2015 | 02:21

A Escola CEU de Maxisterio acolle hoxe e mañá as II Xornadas Internacionais de Literatura Infantil e Xuvenil. Asisten medio centenar de educadores e estudiantes e acollerá a presentación de máis dunha vintena de comunicacións sobre a transmisión de valores educativos a través dos contos e os libros, así como a súa utilización noutras materias. Entre os conferenciantes convidados están o catedrático Antonio Rodríguez Almodóvar, Premio Nacional de Literatura Xuvenil 2005, e os escritores An Alfaya e Jacobo Fernández.